



ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023

Sendo as 9:30 horas do día 2 de febreiro de 2026, en sesión telemática celebrada mediante videoconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (publicadas no BOP núm. 211 do 04.11.2025), reúnen os membros do Tribunal de selección consonte coa composición determinada na Resolución de Alcaldía núm. 15/2026, do 15 de xaneiro (BOP núm. 12 do 20.01.2026) e convocados pola mesma, que a continuación se relacionan:

Presidenta: Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Vogais:

Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso)
Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda)
Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira do Concello de Bergondo)

Secretaria: Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, queda constituído válidamente o Tribunal de selección.

Polo Tribunal repásanse as normas de execución do primeiro dos exercicios da oposición, regulado na base 7ª as bases específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025) do seguinte xeito: «**Primeiro exercicio:** Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 60 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido da parte xeral do programa contido no Anexo das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 75 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. O exercicio será cualificado de 0 a 12 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 6 puntos para superalo. O aspirante que non acade 6 puntos será eliminado do proceso selectivo.»

Como normas de execución do primeiro exercicio sinálasen as seguintes:

- Empregarase unha plantilla para que os aspirantes marquen cun X nela a súa resposta ás preguntas tipo test do 1º exame. En caso de marcar erroneamente unha resposta, tacharase e marcarase claramente a letra da resposta correcta. Doutro xeito, en caso de marcar dous ou máis respostas, considerarase contestada incorrectamente.
- Empregarase bolígrafo azul ou negro para a realización da proba
- Deberanse apagar e gardar os teléfonos móbiles e/ou outros dispositivos electrónicos antes de iniciar a proba.
- Respostaranse tamén as preguntas de reserva

- Na proba garantirase o anonimato dos aspirantes. Para o cal, deberán cubrir un folio que se lles entregará nun sobre pequeno, no que figura un número, cos seus datos persoais. Ese folio, introducirase unha vez cuberto e asinado, nun sobre pequeno que guardárase pechado dentro dun sobre grande, xunto coa plantilla de respostas do exame.

Na plantilla do exame só poden poñer o número asignado, sen ningún outro tipo de marca nin dato.

Se se poñen datos na plantilla de resposta que poidan identificar ao aspirante, non se corruxirá o seu exame.

- En aplicación do acordado pola Alcaldía no puntos terceiro da parte dispositiva na Resolución núm. 1315/2025, do 22 de decembro de 2025, a aspirante á que se lle estimou a solicitude efectuada ao abeiro da Orden Ministerial PJC/804/2025, de 23 de xullo, disporá de 18:45 minutos máis sobre os 75 minutos sinalados a base 7ª as bases específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025) para a execución do 1º exercicio.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os Vogais

A secretaria